



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Servizo de Contratación

Expediente: Contratación servizo de actividades culturais e deportivas
Procedemento/ Forma: Negociado sin publicidade

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Clasificación das ofertas recibidas para a adxudicación do contrato do servizo de actividades culturais e deportivas do Concello de Boqueixón

Por resolución da alcaldía ditada o día 11 de setembro iniciouse a contratación, polo procedemento negociado sin publicidade, do servizo de actividades culturais e deportivas do Concello de Boqueixón . Na mesma data publicouse a licitación no perfil do contratista e enviouse invitación ás seguintes empresas:

CPM Eventos
Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
Grupo Acofide, SC

Non obstante, na propia páxina web se fixo constar que si se presentasen outras empresas que non foran invitadas, as súas propostas serán admitidas tal e como se indica no informe 33/09 do 1 de febreiro da Xunta Consultiva de Contratación administrativa.

No prazo indicado para o efecto, presentan as súas propostas as seguintes empresas:

CPM Eventos
Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
Serviplustotal, SL
Dimenzone,SL

O Servizo de Contratación revisa a documentación dos sobres A resultando estar toda correcta.

O día 22 de setembro abríronse os sobres B, previa comunicación ás empresas, e posteriormente o persoal dos Servizos de Cultura e Deportes realiza a valoración das propostas presentadas.

O informe desta valoración é o que a continuación se transcribe literalmente:

Informe técnico da valoración das ofertas presentadas para a adxudicación do servizo de actividades culturais e deportivas no Concello de Boqueixón

Don RICARDO ROMERO PÉREZ, monitor deportivo do Concello de Boqueixón e
 Dona ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS, técnica de cultura do Concello de Boqueixón,

INFORMAN:

Unha vez vistos e analizados os proxectos técnicos de prestación do servizo presentados polas diferentes empresas na licitación do SERVICIO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS e tendo en conta os criterios de adxudicación expostos nos pregos de cláusulas que rexen a contratación, valoran do seguinte xeito as diferentes empresas presentadas:

Nome da empresa	Criterios valorables	Consideracións	Puntuación
VAGALUME	-Medios personais e titulación. -Organización e planificación servizo - Actividades complementarias	En xeral, non aporta titulacións específicas dos monitores en relación coas actividades. Aporta profesional educ. especial. Organización e planificación adecuada. Inclúe material para actividades. Proposta de mellora adecuada.	32 puntos
CPM EVENTOS	-Medios personais e titulación. -Organización e planificación servizo - Actividades complementarias	Aporta persoal con titulacións específicas e máis de 2% con minusvalía. Axeitada organización e planificación. Destaca a metodoloxía Importantes melloras que se adecúan ás necesidades do concello (actividades e aportación determinado material)	35 puntos
SERVIPLUS	-Medios personais e titulación. -Organización e planificación servizo - Actividades complementarias	Os monitores de judo e zumba non poseen titulación específica. Inclúe persoal advto. Axeitada organización e planificación. Actividades complementarias axeitadas	30 puntos
DIMENZONE S.L	-Medios personais e titulación.	Non cita titulacións específicas en judo e zumba	

	-Organización e planificación servizo - Actividades complementarias	Aspectos técnicos e metodolóxicos moi xenéricos. Non contempla melloras.	25 puntos
--	--	---	-----------

Boqueixón, 23 de setembro de 2015.

Asdo. Ricardo Romero Pérez

Asdo. Rosario Iglesias Iglesias

O día 24 de setembro, previa comunicación ás empresas, ábrese os sobres C de ofertas económicas. Asisten ó acto representantes de CPM Eventos e Vagalume Xestión Integral de Servizos,SL.

O prezo máximo de licitación é de 17.325 €/ curso escolar.

As ofertas presentadas son as seguintes:

Empresa	Importe	IVE aplicado
CPM Eventos	14.300,00	3.003,00
Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL	13.750,00	1.375,00
Serviplus total, SL	13.376,00	2.808,96
Dimenzone,SL	13.026,00	2.735,46

Tendo en conta estes datos, e á vista do exposto na cláusula 9 do prego, realízanse as operacións oportunas, tendo en conta a fórmula a aplicar:

$Puntos/n = 60 \times \text{oferta económica máis baixa} / \text{oferta económica de } n$

Empresa	Fórmula	Puntos
CPM Eventos	$60 \times 13.026,00 / 14.300,00$	54.65
Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL	$60 \times 13.026,00 / 13.750,00$	56.84
Serviplus total, SL	$60 \times 13.026,00 / 13.376,00$	58.43
Dimenzone,SL	$60 \times 13.026,00 / 13.026,00$	60

Polo tanto ó sumar as puntuacións técnicas e económicas obteríamos as seguintes puntuacións finais:

Empresa	Puntuación técnica	Puntuación económica	Puntuación total
CPM Eventos	35	54.65	89.65

Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL	32	56.84	88.84
Serviplus total, SL	30	58.43	88.43
Dimenzone, SL	25	60	85

Ante a urxencia que ten a contratación do servizo, Resolvo:

1. Clasificar por orde decrecente as propostas presentadas:

Empresa	Puntuación técnica	Puntuación económica	Puntuación total
CPM Eventos	35	54.65	89.65
Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL	32	56.84	88.84
Serviplus total, SL	30	58.43	88.43
Dimenzone, SL	25	60	85

2 Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 10 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas.

Tamén presentarán o correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

Boqueixón, 24 de setembro de 2015

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato